# *Crataegus monogyna* Jacq., 1775

- estripeiro, estripo, escambrón, pirliteiro, espiño albar/branco
- espino albar, majuelo
- elorri, elorri zuria, arantza
- arç blanc, espinalb, cirerer de pastor, garguller.
- hawthorn
- pilriteiro, espinheiro branco



| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Magnoliopsida** | **Rosales** | **Rosaceae** | ***Crataegus*** |

## ORIXE

Orixinaria de Europa, o norte de África e Asia occidental.

## CARACTERÍSTICAS

Arbusto ou pequena árbore de ata 10 metros de altura, con pólas grises provistas de espiñas fortes de 1 a 3 cm. As follas son caducas, alternas, con 3 a 7 lóbulos profundamente divididos e bordo serrado. As flores, que aparecen antes cá follaxe, son brancas, vistosas e aromáticas, agrupadas en corimbos que adoitan cubrir a árbore por completo. Os froitos son pequenos pomos vermellos, carnosos, que conteñen unha soa semente ósea.

## HÁBITAT

Matogueiras, beiras de ríos, sebes e bordos de camiños, dende o nivel do mar ata os 2000 m de altitude. Prefire solos ben drenados, aínda que tolera diversos substratos.

## DISTRIBUCIÓN

Distribúense amplamente por Eurasia e o norte de África, sendo moi común na Península Ibérica e Baleares.

## CURIOSIDADES

É famoso polas súas propiedades medicinais para o corazón, é un símbolo folclórico de protección, e a súa madeira dura úsase para ferramentas e carbón.

**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor